

24

Taxa por expedición de
licenza urbanísticas.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS****ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 de da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Mos establece a taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, a que se refire o artigo 20.4 h) do texto refundido aprobado polo RDlex. 2/2004, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no artigo 57 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar se os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo que vaian realizarse no termo municipal, axústanse ao ordenamento urbanístico vixente e se reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, todo elo de conformidade có establecido no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, constitúe o feito da presente Ordenanza a actividade técnica municipal tendente a verificar se os actos de uso do solo, en particular das obras, instalacións, construcións e edificacións realizadas con infracción da normativa urbanística á que se refire á Disposición Transitoria Terceira da



Lei 2/2010, se axustan ás disposicións normativas de aplicación aos efectos de declaración do réxime previsto de fora de ordenación.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan solicitantes dunha licenza ou que executen as instalacións, obras ou construcións sen ter obtido a preceptiva licenza.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras, de conformidade co previsto no artigo 23.2.b) do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 4. RESPONSABLES SOLIDARIOS E SUBSIDIARIOS

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e coa extensión que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. - BASE IMPONÍBEL

1. - Constitúe a base imponible desta taxa:

- a) O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta ou modificación das estruturas ou aspecto exterior de edificacións xa existentes.
- b) B) O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate de primeira utilización dos edificios e a modificación do uso deles.
- c) O valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeis, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construcións.
- d) A superficie dos carteis de propaganda colocados en forma visible dende a vía pública.
- e) O custo da publicación no diario que corresponda dos anuncios preceptivos de acordo coa normativa aplicable.

2. - Dos custos sinalados nas letras a) e b) do número anterior exclúense o correspondente a maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

Las tarifadas por la licenza urbanística serán las siguientes:

Conceptos Tarifa

1. - Apartados a) y b) do artigo 5º. - 1;

Custo real ata 601 euros	11,26 €
Custo real de 601,01 a 1.502 euros	22,53 €
Custo real de 1.502,01 a 3.005 euros	33,71 €
Custo real de 3.005,01 a 6.010 euros	44,98 €
Custo real de 6.010,01 a 15.025 euros	67,52 €
Custo real de 15.025,01 a 30.050 euros	112,49 €
Custo real de 30.050,01 euros en adiante	168,66 €

2. - Apartado c) do artigo 5º. - 1;

1. - Por parcelacións:

Ata 60.101 euros	562,39 €
De 60.101,01 a 150,253 euros	1.124,85 €



De 150.253,01 en adiante	2.811,72 €
2.— <i>Por demolicións:</i>	
Ata 12.020 euros	112,49 €
De 12.020,01 a 30.050 euros	168,66 €
3.—Apartado d) do artigo 5º.-1:	
Por metro cadrado ou fracción	16,86 €
4.—	
Por expedición de licenzas de 1ª ocupación	150,00 €
Tramitación expedientes de parcelación	50,00 €
5.—	
Declaración fora de ordenación	15,00 € m²

ARTIGO 7.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción desta taxa que non veña establecida en tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de lei.

ARTIGO 8. DEVENGO

1. Devengase a taxa e xurde a obriga de contribuír cando comece a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. A estes efectos, entenderase comezada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen ter obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se comece a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable.

3. A obriga de contribuír, unha vez xurdida, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

ARTIGO 9.—DECLARACIÓN

1.—As licenzas para construcións, instalacións e obras solicitaranse por medio de instancia dirixida ao Sr/a Alcalde/sa no Rexistro Xeral, acompañada do Proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra, medicións e destino do edificio, e o cuestionario a que fai referencia o artigo 2 do Decreto 68/89, de 31 de marzo da Xunta de Galicia.

2.—Cando se trate de licenza para aqueles actos nos que sexa esixible a formulación do proxecto suscrito por técnico competente, xunto coa solicitude achegarase un orzamento das obras a realizar, con descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características das obra ou acto no que os seus datos permitan comprobar o custo de aquelas.

3.—Se despois de formulada a solicitude de licenza fora modificado ou ampliado o proxecto deberá pórse en coñecemento da administración municipal, achegando un novo orzamento e o reformado, no seu caso, planos e memoria das modificacións ou ampliación

ARTIGO 10. LIQUIDACIÓN E INGRESO

1. Liquidarase e esixirase o importe da taxa unha vez concedida a licenza urbanística, non obstante poderase esixir o importe da mesma no momento da presentación da solicitude da licenza de obra, en calidade de depósito previo.

2.—A administración municipal poderá comprobar o custo real e efectivo unha vez rematada a obra, e a superficie dos carteis declarado polo solicitante e, a vista do resultado de tal comprobación, practicarase a liquidación definitiva que proceda, con dedución, no seu caso, da liquidación inicial.



3.—No caso de parcelacións urbanas e demolicións de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licenza, sobre a base impoñíbel que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o seu valor sinalado no Imposto Sobre Bens Inmóbles non teña ese carácter.

4.—As liquidacións que se practiquen serán notificadas ao suxeito pasivo sustituto do contribuínte para o seu ingreso nas Arcas municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións será aplicable, segundo dispón o artigo 11 do RDLexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a regulación contida nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e nas disposicións que a complementen e desenvolven.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación o día 28 de marzo de 2012, e entrará en vigor unha vez se produza a publicación do seu texto no BOP. A presente ordenanza permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa. O texto íntegro da nova ordenanza, ou da ordenanza modificada, será obxecto de publicación no BOP.